



Oe Real Decreto 1497/1987 do 27 de novembro (BOE do 14 do 12 de 1987) polo que se establecen as directrices xerais comúns dos planos de estudio dos títulos universitarios de carácter oficial e validez no territorio nacional distribúese a ordenación dos contidos dos planos de estudio, en tres bloques: **materias troncais**, contidos homoxéneos mínimos dos planos de estudio establecidos nas directrices xerais propias; **materias non troncais**, contidos formativos que discrecionalmente establecen as universidades e que poden ser **obrigatorias e/ou optativas** e **creditos de libre elección** realizados polo alumno

Esta estruturación inflúe nas posibilidades de mobilidade dos estudantes ó non se lle adaptar ou validar as materias obrigatorias ou optativas, cando cambian de universidade, para continúalos mesmos estudos por ter diferente contido ou carga lectiva ou mesmo non ter materia equivalente no plano de estudos.

Co obxecto de minimiza-los efectos destas situacións e en concordancia cos criterios establecidos polo Claustro Universitario do 16 de xuño de 1997 cando regula os Estudos noutras Universidades ou a posibilidade de incluír créditos pola realización de prácticas en empresas, traballos profesionais, estancias formativas noutras universidades, etc. procede dictar a seguinte

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Os Convenios asinados pola Universidade de Santiago con Universidades españolas ou estranxeiras para facilita-la mobilidade dos estudantes: poderán instrumentalizarse para o recoñecemento de créditos por equivalencia ós alumnos que procedentes desas universidades sexan admitidos para continua-los mesmos estudos na USC.

Segundo.- Poderán recoñecerse por equivalencia créditos, troncais, obrigatorios, optativos ou de libre elección polos estudos realizados nas universidades de orixe cando as materias cursadas ou superadas non poidan ser adaptadas ou validadas segundo o Anexo I do Real Decreto 1497/1987 do 27 de novembro.

No caso das materias troncais e obrigatorias o recoñecemento deberá facerse ó abeiro do establecido polo Consello de Universidades no Anexo I do Real Decreto do 27 de novembro.

Terceiro.- No caso de que os estudantes continúen na USC uns estudos que dan orixe a unha titulación distinta á cursada polo alumno na universidade de procedencia os "créditos por equivalencia" que se poidan recoñecer só poderán ser para a libre configuración curricular, debendo en todo caso respectarse a normativa vixente no relativo á libre elección.

Cuarto.- As materias ou actividades académicas que se recoñezan por aplicación desta resolución reflectiranse no expediente do alumno baixo o epígrafe de "Créditos por equivalencia" facendo constar: nome da materia ou actividade cursada, universidade, cualificación optida ou equivalente, no caso de ser unha universidade estranxeira,



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

número de créditos e carácter dos mesmos: troncais, obrigatorios, optativos ou libre elección.

Quinto.- Ás Comisións de Validacións dos centros correspóndelles, á vista dos expedientes dos alumnos, determina-los “créditos por equivalencia” que se poidan recoñecer, segundo o que establezan os planos de estudio, suxectándose, en todo caso, ó que se indica nesta resolución.

Séxto.- As Normas de Xestión Académica que regulan os Créditos por equivalencia por estudos en Universidades estranxeiras serán de aplicación tamén para os Convenios nacionais e estudos en Universidades españolas.

Disposición Adicional Primeira.- Os expedientes de alumnos informados polas Comisións de Validación dos centros, no caso de que non se axusten ó establecido nesta resolución, deberán ser devoltos ás mesmas, para un novo pronunciamento, de se-lo caso.

Disposición Adicional Segunda.- A presente resolución será de aplicación só para os planos de estudio que establecen a posibilidade de outorgar por equivalencia créditos troncais, obrigatorios, optativos ou de libre elección por estudos realizados no marco de Convenios nacionais ou internacionais”

Disposición adicional Tercera.- Calquera consulta ou interpretación respecto desta resolución deberá ser formulada ó abeiro do artigo 114 das Normas de Xestión Académica.

Dispoición Final.- A presente resolución terá efectos dende o comezo do curso 2000/2001

Santiago de Compostela. 15 de Marzo de 2001

O RECTOR,



Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Srs Decanos e Directores de centro, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Alumnado, Srs. Xefes da Unidades de Xestión Académica, Sr. Director do Sein , Sr. Director do COIE